

	Área de Infraestruturas de Investigación		
	POLÍTICA DE CALIDADE		
	25/01/2021	PE-CMC-A-001	Versión: 1

Política de Calidade da Área de Infraestruturas de Investigación

A Área de Infraestruturas de Investigación da USC é a estrutura organizativa que integra as infraestruturas instrumentais de uso común, encargadas de prestar servizos de apoio á investigación da USC, de organismos públicos de investigación e de empresas privadas.

O obxectivo da Área de Infraestruturas de Investigación é o de dar unha maior unidade e operatividade aos recursos de apoio á investigación cos que conta a USC, tanto materiais como humanos, coa finalidade de contribuir ao desenvolvemento científico e tecnolóxico da sociedade no seu conxunto.

A Dirección da Área de Infraestruturas de Investigación considera a Calidade como un valor engadido e diferenciador para o labor de apoio científico-técnico e de transferencia de tecnoloxía e coñecemento, desenvolvida polo persoal da Área.

No ano 2016, a Dirección da Área de Infraestruturas de Investigación, co apoio da Vicerreitoría de Investigación e Innovación, promove a experiencia de implantar en parte da organización un Sistema de Xestión de Calidade acorde aos requisitos da Norma UNE-EN-ISO 9001:2015 e demais esixencias normativas e legais de aplicación. A consecución desta primeira actuación no ámbito da Calidade dentro da Área de Infraestruturas de Investigación consolida o compromiso da organización coa Calidade, así como o da súa progresiva extensión ao conxunto das Unidades que a conforman.

O compromiso da Área de Infraestruturas de Investigación coa Calidade concrétese nas seguintes directrices:

- ✓ Dar soporte á comunidade investigadora da USC, así como a outros centros públicos ou privados, no marco de convenios, concertos ou acordos que a USC estableza.
- ✓ Desenvolver a investigación metodolóxica propia das técnicas experimentais para mellorar e ampliar as prestacións existentes, de acordo coas directrices da política científica da USC e demais requisitos legais de aplicación.
- ✓ Promover e recoñecer o compromiso dos Responsables e de todo o persoal das Unidades da Área coa Calidade, co coñecemento, implantación, mantemento e mellora do Sistema de Xestión de Calidade segundo a Norma ISO UNE-EN-9001:2015, focalizado na mellora continua e a satisfacción das usuarias e dos usuarios.

	Área de Infraestruturas de Investigación		
	POLÍTICA DE CALIDADE		
	25/01/2021	PE-CMC-A-001	Versión: 1

- ✓ Priorizar a innovación e a mellora continua para implementar un Sistema de Xestión de Calidade que xere confianza na metodoloxía de traballo, mediante a estandarización de protocolos, procedementos e procesos que serán avaliados por unha entidade autorizada para certificar a idoneidade do sistema segundo a Norma UNE-EN-ISO 9001.
- ✓ Atender ás demandas e ás necesidades formativas do persoal técnico da Área para garantir a prestación dun servizo científico-técnico con niveis esixibles de calidade, ademais de motivar e afianzar a súa imprescindible implicación na Calidade.
- ✓ Fomentar a comunicación bidireccional cos usuarios, reais e potenciais, para identificar e dar resposta ás súas necesidades e expectativas, e con elo avanzar no que respecta á satisfacción de usuarias/os e á mellora do Sistema de Xestión de Calidade.

Esta política, entendida e aceptada polo persoal da Área de Infraestruturas de Investigación, atópase a disposición da comunidade universitaria e da sociedade en xeral.

En Santiago de Compostela, a 5 de novembro de 2021

José Antonio Costoya Puente

Director da Área de Infraestruturas de Investigación da USC.

Páxina 2 de 2

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JOSE ANTONIO COSTOYA PUENTE, DIRECTOR CIENTIFICO DA RIAIDT, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 05/11/2021 16:51:38.

CSV: 4163-2EA1-4852-9073